



PROGRAMA IMPACTO AUTÓNOMO - 2023

Axuda ás persoas traballadoras autónomas e microempresas para facer fronte á situación económica xerada pola suba dos custos en materias primas e subministracións, que afectan e condicionan a súa actividade económica

Prazo aberto do
9 de xaneiro ao
9 de febreiro de
2023



Persoas beneficiarias

- As **persoas traballadoras autónomas** de alta no RETA, no Réxime de Traballadores do Mar por conta propia ou **as persoas mutualistas** cuns rendementos netos por actividades económicas no 2021 **entre 10.000€ e un máximo de 30.000€**.
- As **persoas traballadoras autónomas de tempada** de alta ou situación asimilada no momento da presentación da solicitude e que teñan estado de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses no 2021 e no 2022.
- As **microempresas, sociedades de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís**, cunha facturación no 2021 entre 50.000€ e 750.000€.

As persoas autónomas que sexan, a súa vez, autónomas societarias **só poderán presentar unha solicitude.**



Requisitos das persoas e entidades beneficiarias

- Estar de alta ou en situación asimilada, **mínimo 6 meses ininterrompidos** antes da publicación desta axuda no RETA ou mutualidade correspondente.
- Ter **domicilio fiscal en Galicia**.
- No caso das persoas traballadoras autónomas ou mutualistas, **ter declarados uns rendementos netos entre 10.000€ e 30.000€ no ano 2021**.
- No caso de empresas, comunidades de bens ou sociedades civís, **ter declarada unha facturación non superior aos 750.000€ no 2021**.
- No caso de contar cun establecemento fixo aberto ao público, mantelo aberto durante os **6 meses posteriores á publicación** desta convocatoria.



PROGRAMA IMPACTO AUTÓNOMO - 2023



Intensidade da axuda

→ **Persoas autónomas:**

En estimación **obxectiva**:

800 €

En estimación **directa**:

Con rendementos netos no 2021 **entre 10.000€ e ata 20.000€:**

1.500 €

Con rendementos netos no 2021 **entre 20.001€ e 30.000€:**

1.200 €

→ **Microempresas, comunidades de bens ou sociedades civís:**

Cunha facturación no 2021 **entre 50.000€ e 250.000€:**

1.500 €

Cunha facturación no 2021 **entre 250.001€ e 750.000€:**

1.200 €

Os importes serán do 50% no caso de persoas traballadoras autónomas, microempresas e outras fórmulas, **cando non acrediten 12 meses completos de actividade no 2021.**

Igualmente, para as **persoas traballadoras autónomas de tempada**, os importes serán tamén do 50%.



Documentación complementaria a presentar

Coa solicitude achegárase, entre outra, a seguinte documentación:

- No caso de persoas mutualistas, **acreditación de alta na mutualidade do colexio profesional ou entidade correspondente.**
- No caso de persoas autónomas en estimación directa, **o modelo 100 do IRPF do 2021.**
- No caso de microempresas, sociedades de economía social, comunidades de bens ou sociedades civís, **o modelo 200 do Imposto sobre Sociedades do 2021 ou o modelo 184 do 2021 no caso de estar no réxime de atribución de rendas.**

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 2612|2022



Obrigas das persoas beneficiarias

Entre as obrigas asumidas polas persoas beneficiarias, atópanse as seguintes:

- No caso de persoas autónomas, **manter a actividade económica e a alta no RETA, no Réxime Especial do Mar por conta propia ou como mutualista durante un mínimo de 6 meses desde a publicación desta axuda.**
- No caso das microempresas, sociedades de economía social, comunidades de bens e sociedades civís, **manter a actividade económica durante un mínimo de 6 meses desde a publicación desta axuda.**